



BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, A CENTROS, ENTIDADES, CLUBES DEPORTIVOS OU ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE BAIONA, QUE CAREZAN DE FINS DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NO ANO 2025

Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos seus intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A este respecto, tendo en conta o sinalado neste artigo e ao abeiro da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, regulamentos de desenvolvemento, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello de Baiona procede á regulación dos criterios e o procedemento de concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as asociacións sen ánimo de lucro no ámbito territorial do Concello de Baiona durante o ano 2025.

DISPOSICIÓNS XERAIS

PRIMEIRA. OBXECTO

Poderán ser obxecto de subvencións os gastos referidos as seguintes actividades: Gastos de organización de actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte e gastos de organización de actividades en xeral.

Quedan excluídos da presente convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, e as actividades que non estean organizadas directamente pola entidade solicitante.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será dende o **1 de xaneiro ata o 15 de novembro de 2025**.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES:

Serán subvencionables os gastos derivados da organización das actividades de carácter deportivo, entre outras, os seguintes:

- Gatos federativos relacionados ca vida deportiva da entidade solicitante.
- Gastos de arbitaxes.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- Gastos relacionados para organización e desenvolvemento de actividades deportivas dentro do ámbito das presentes bases.

Así mesmo, serán subvencionables os gastos de vestiario, cando se acredite que dito gasto resulta imprescindible para a realización do proxecto.

Nas actividades de viaxes ou intercambios deportivos, poderán xustificarse os gastos de desprazamento (soamente mediante factura do desprazamento realizado), e organización de actividades deportivas paralelas, pero non serán admisibles os gastos de alimentación, comida ou aloxamento.

Quedan excluídos da presente convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:

- As festas de fin de curso.
- Celebración das festas parroquiais.
- Aquelas actividades que non estean organizadas directamente pola entidade solicitante, ou se subcontrate a organización da mesma a outra entidade ou asociación.
- As actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Baiona, ou a través de convenios asinados co Concello.
- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- Calquera outra actividade que non sexa de carácter deportivo.

Estas actividades deben ser iniciadas e rematadas durante o ano 2025, abrangendo o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2025.

Os solicitantes deberán declarar todas as subvencións que teñan obtido ou solicitado para o 2025.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados con actividades deportivas, segundo o sinalado na Base 1ª.

TERCEIRO.—FINANCIAMENTO E CONTÍA

A concesión de axudas reguladas nesta convocatoria irá con cargo á aplicación orzamentaria 342-48900 do Orzamento xeral para 2025, na que existe consignación polo importe **5.500 €**, segundo documento contable de **retención de crédito nº 10598**.

Respecto da contía das axudas por beneficiario se aplicarán as seguintes limitacións:

- 1) As entidades solicitantes soamente poderán percibir un máximo de **1.000€**. Con todo, este importe poderá aumentar en función do número de solicitudes presentadas.
- 2) O importe da subvención concedida non poderá superar, en ningún caso **o 80% do orzamento** presentado sobre os gastos subvencionables.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

3) No caso de que a suma das cantidades propostas como subvención para as distintas solicitudes, excedan a consignación total, modificaríanse as mesmas aplicando redución proporcionais a cada unha delas, para que a suma total non exceda da consignación prevista na aplicación orzamentaria sinalada anteriormente.

CARTO.—BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Serán beneficiarias da subvención os organismos, clubs, institucións, asociacións, grupos e colectivos que:

- Non teñan fins lucrativos.
- Teñan o domicilio fiscal e sede no concello de Baiona.
- Desenvolvan as súas actuacións no ámbito territorial do municipio ou que afecten a colectivos deste Concello ou versen sobre temas de interese do Concello.
- Desenvolvan actividades deportivas en xeral, e en especial a promoción ou recuperación das tradicións locais e o fomento dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza do municipio.
- En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aquelas nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Poderán solicitar axudas mediante a presente convocatoria as entidades de carácter deportivo, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Baiona, teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello de Baiona.
- Non estean incursoas en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- Que a dita entidade teña debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou teña solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou renunciara por escrito as xustificacións pendentes.
- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

QUINTA.—SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados dispoñibles na páxina web do Concello de Baiona www.baiona.gal. Cada entidade solicitante presentará un único proxecto, o cal achegarase a seguinte documentación:

1. Solicitude de subvención: Anexo I.





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

2. Declaración responsable da Entidade (Anexo II).
3. Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con orzamento equilibrado de ingresos e de gastos (ANEXO III).
4. Copia da acta de constitución da actual xunta directiva
5. Copia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude.
6. Certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e que non ten débedas de ningún tipo co Concello de Baiona.

SEXTA.—PRAZO, LUGAR E FORMAS DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince **(15) días naturais** contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e únicamente poderán presentarse a través da Sele Electrónica, <http://baiona.sedelectronica.gal>

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello de Baiona para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e archivaranse as solicitudes sen máis trámite.

SÉTIMA.—COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, aínda que serán incompatibles coas subvencións tramitadas a través de convenios nominais de colaboración en relación a un concepto análogo ó do obxecto da convocatoria.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Baiona a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

OITAVA.—CRITERIOS DE CONCESIÓN

A asignación de axudas ou subvencións, farase en función dos seguintes criterios:

1.- Características do proxecto: Número de poboación beneficiaria, ou beneficiarios directos ou indirectos da actividade desenvolvida. **Ata 30 puntos.**





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- a) Ata 10 beneficiarios.....0 puntos
- b) 11 a 25 “.....5 puntos
- c) 26 a 50 “.....10 puntos
- d) 51 a 100 “.....20 puntos
- e) más de 100 “.....30 puntos

2.- Número de socios da asociación/ Club . **Ata 30 puntos.**

- A Ata 50 socios.....10 puntos
- B 51 a 100 socios.....20 puntos
- C 101 a 150 socios.....25 puntos
- D Máis de 151 socios.....30 puntos

3.- Porcentaxe de co financiamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de co financiamento, maior puntuación). **Ata 15 puntos.**

- 0 a 35 %.....5 puntos
- 36 % a 70 %.....10 puntos
- 71 %a 90 %.....15 puntos

4.- Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación de cada entidade: **Ata 5 puntos.**

- Con acreditación do uso da lingua galega, a través de folletos, carteis, páxina web ou publicidade en redes sociais ou outros medios de comunicación: **5 puntos**
- Non acredita uso da lingua galega: **0 puntos**

5.- Que os proxectos/actividades deportivos presentados fomenten a igualdade de xénero: **Ata 5 puntos**

- Proxectos que fomenten a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e que integren a perspectiva de xénero: **5 puntos**
- Proxectos que non acrediten a igualdade de xénero: **0 puntos**

6.- Que os proxectos/actividades deportivas presentados fomenten a inclusión de persoas con discapacidade: **Ata 5 puntos.**

- Proxectos que fomenten a inclusión deste colectivo: **5 puntos.**
- Proxectos que non acrediten a inclusión deste colectivo: **0 puntos**

7.- Número de edicións da actividade: (este dato acreditarase mediante soporte gráfico no que conste o nº de edicións). **Ata 10 puntos.**

- Máis de 20.....10 puntos;
- de 15-19.....8 puntos;
- de 10-14.....5 puntos;
- de 5-9.....3 puntos;
- menos de 5.....2 puntos

A contía da subvención que se concederá a cada unha das solicitudes será en función da puntuación acadada por cada unha delas, axustándose aos seguintes tramos:

- Menos de 10 puntos: 0,00€
- De 11 a 20 puntos: 200€
- De 21 a 30 puntos: 300€
- De 31 a 40 puntos: 400€





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- De 41 a 50 puntos: 500€
- De 51 a 60 puntos: 600€
- De 61 a 70 puntos: 700€
- De 71 a 80 puntos: 800€
- De 81 a 90 puntos: 900€
- De 91 a 100 puntos: 1.000€

NOVENA.—INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.

1. A valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polos seguintes membros:

- O Alcalde, que actuará como Presidente
- O Concelleiro/a de Deportes
- O Técnico/ a do Departamento de Deportes
- Un funcionario/a da área de Secretaría Xeral, que actuará como Secretario/a da Comisión.

Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

2. A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

No presente procedemento debido a natureza das actividades a subvencionar non se terán en conta feitos ou alegacións diferentes das achegadas polos interesados nas súas solicitudes.

3. A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

4. A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

5. Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización, de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Comisión de Valoración elevará á Xunta de Goberno Local ,a proposta de resolución provisional , a cal concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes

6.- O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestou o contrario, entenderase que acepta a subvención que queda suxeita ós deberes derivados da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.





7.- O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

8.- No caso de que a actividade subvencionada non poida ser realizada polo beneficiario por motivos alleos ao mesmo, poderá solicitar unha modificación da actividade obxecto de subvención, sempre que a mesma sexa presentada no prazo de 15 días desde a notificación do acordo da Xunta de Goberno Local. A devandita solicitude será elevada á Comisión de Valoración, a cal emitirá unha proposta neste senso que será elevado ao órgano concédente: a Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A parte das que figuran na cláusula terceira, os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento municipal teñen as seguintes obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia

1. Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión de subvención.
2. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada ós fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
3. Dar adecuada publicidade da axuda concedida para a actividade ou actuación obxecto de subvención e incluír o logo do Concello de Baiona na realización de cartelería, publicidade, recortes de prensa, valados, pancartas, redes sociais, etc.
4. Abonar tódalas facturas que figuren na conta xustificativa con anterioridade a presentación da xustificación da subvención.
5. Os beneficiarios das subvencións deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (Transferencias bancarias, talóns nominativos.) e só excepcionalmente poderán utilizar o pago metálico cando non sexa posible outra forma alternativa e o importe non supere os **100,00 €**, debendo en este caso facer constar na propia factura o recibín do perceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo. Sen que sexa admitido como forma de xustificación varias facturas do importe inferior a 100 € que respondan ao mesmo concepto subvencionable.
6. Os beneficiarios das subvencións facilitarán toda a información que lle sexa requirida polos servizos económicos do Concello no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMA PRIMEIRA—XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS

1.-**PRAZO.**- As entidades que resulten beneficiarias deberán achegar a xustificación, unicamente a través da Sele Electrónica, <http://baiona.sedelectronica.gal>, con data límite 15 de Decembro de 2025, quedando anulada a subvención unha vez transcorrido o prazo.





Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de CINCO días naturais a petición razoada da entidade solicitante, e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención, contando os CINCO días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

2.—CANTIDADE A XUSTIFICAR: O beneficiario terá que presentar facturas equivalentes ao 125 % do importe concedido e ademais unha conta xustificativa de **gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado**.

3.-DOCUMENTACIÓN.-Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

a) Facturas xustificativas, as cales deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto destas bases. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

b) Xustificante de pagamento das facturas, **achegando o xustificante da transferencia bancaria no caso de facturas de importe superior a 100 €**. No caso de facturas de importe inferior haberá de facerse constar na propia factura o recibín do perceptor, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.

c) Conta Xustificativa. (Anexo IV), na que consta a declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle da financiación obtida e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada

Os gastos xustificandos deberán axustarse, no posible, ós conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida

d) Certificado orixinal de conta bancaria da Asociación/ Club, cunha antigüidade non superior a 6 meses.

Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), e coa Seguridade Social actualizadas no caso de estar caducadas (superado prazo de vixencia) as presentadas coa solicitude.

e) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación dos resultados obtidos. (Anexo V)

f) Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de Baiona da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia e xustificarse mediante una





declaración responsable incluída na memoria (Anexo V), debidamente asinada polo representante da Asociación.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos de material e servizos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

4.- CONCEPTOS NON SUBVENCIONABLES.- Con carácter xeral, non terán a consideración de subvencionables os seguintes conceptos:

- No serán admitidas facturas por conceptos similares que sexan dun mesmo proveedor, cando sexan de importe inferior a 100 €, pero a suma das mesmas excederían do devandito importe de 100 €
- Adquisición de material consumible, tales como, cartuchos de tinta, disquetes, carretes de fotografías, cintas, etc.; material de oficina (bolígrafos, archivadores, etc.)
- Gastos de teléfono.
- Gastos de manutención, aloxamento, quilometraxe (só se admiten facturas de desprazamento, nunca os gastos de quilometraxe dos membros da asociación).
- Gastos correntes de funcionamento da entidade.
- Os gastos gastronómicos, calquera que sexa a súa finalidade. Non se admitirán facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- Os saldos debedores das contas bancarias.
- Os impostos, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- A) Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- B) Facturas que conteñan conceptos non subvencionables, aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables, excepto se os importes veñen debidamente desglosados.
- C) Facturas que non veñan presentadas en forma e modo.
- D) As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

5.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.- Á vista da documentación xustificativa presentada, previo informe de Intervención, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades subvencionadas, e se a documentación é correcta procederase ao pago da subvención. O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade

No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique o 125 % do importe da subvención concedida, realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas Bases.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revogación da concesión da subvención.





DÉCIMO SEGUNDA.—DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- a. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b. Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
- c. Incumprimento das obrigas de adopta-las medidas de difusión.
- d. Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- e. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase no prazo e forma no Regulamento Xeral de Recadación. As cantidades devoltas terán carácter de ingreso de dereito público

DÉCIMO TERCEIRA.—DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Baiona para 2025, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro de polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da devandita lei, e demais lexislación aplicable.

DECIMO CARTA.—RECLAMACIÓNS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses.

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarán a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

ANEXOS.—Tódolos anexos referidos nestas bases para a solicitude e a xustificación destas subvencións, estarán dispoñibles na páxina web de concello de Baiona: www.baiona.gal





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CENTROS, CLUBES, ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DE BAIONA , QUE CAREZAN DE FINS DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS 2025.

EXPTE. 3792/2025

NOME DA ASOCIACION / CLUB:

C.I.F. DA ASOCIACION/ CLUB :

ENDEREZO:

Nº INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL:

ANO DE ELECCIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA:

Nº DE SOCIOS:

NOME DO REPRESENTANTE:

CARGO:

D.N.I.

TELEFONOS:

MAIL:

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de..... € para o proxecto do cal o custo total ascende a€, para o que se achega os documentos requiridos, dando fe da veracidade dos mesmos e certificándoos.

2.- DOCUMENTACIÓN:





EXCMO. CONCELLO DE
BAIONA

- a Declaración responsable da Entidade (Anexo II).
- b Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con orzamento equilibrado de ingresos e de gastos (ANEXO III).
- c Copia da acta de constitución da actual xunta directiva.
- d Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), e coa Seguridade Social actualizadas no caso de estar caducadas (superado prazo de vixencia) as presentadas coa solicitude
- e Copia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude

Baiona, _____, de _____ de 2025.
O SOLICITANTE

De conformidade ao disposto na LO 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro, propiedade de CONCELLO DE BAIONA, cuxa finalidade é atender a xestión solicitada. Vostede poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na lei, poñéndose en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO na Dirección: C/ Lorenzo da Carrera, 17, 36300 - BAIONA (PONTEVEDRA). Ningunha parte deste documento pode ser reproducida, nin introducida en ningún sistema de recuperación, nin transmitida de ningún xeito, nin por ningún medio, xa sexa electrónico, mecánico por fotocopia, gravación ou doutro tipo, con ningún propósito, sen a autorización



ANEXO II.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____,
con DNI nº _____, en calidade de
_____ da Asociación/ Club
_____co CIF
_____ a domicilio social do
Concello de BAIONA.

DECLARO:

- a.- Esta Asociación/ club carece de fins de lucro.
- b.- A esta Asociación / club,
- **Non** se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.
 - **Si solicitou ou concedéronse**, procedentes de Organismos Públicos e entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas solicitadas	Importe
Relación de axudas concedidas	Importe

Así mesmo, esta Asociación asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro.

c.- Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación /club solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación:

☐ Non teñen carácter subvencionable

☐ Teñen carácter subvencionable

d.- Esta Asociación/ Club comprométese a completar o financiamento da actividade, así coma a facerse responsable de cumprir estritamente toda a lexislación aplicable e ademais a asumir os riscos que puideran xurdir con ocasión da execución da actividade para a que se solicita subvención.

e.- Esta Asociación / Club non se atopa incurso en ningunha das causas das enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10.2º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario das subvencións establecidas ou xestionadas pola Administración Pública e en concreto do Concello de Baiona e coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.



f.- Esta entidade / Club está ao corrente coas súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Baiona.

g.- Que esta entidade / Club comprométese ao uso da lingua galega nos materiais publicitarios e na realización das actividades obxecto desta subvención.

MARCAR UNA OPCIÓN:

☐ SÍ

☐ NON

E para que así conste, perante o Concello de Baiona, aos efectos da subvención a conceder por esa Institución, suscribo a presente, en Baiona a _____, de _____ de 2025.

SINATURA



ANEXO III

MEMORIA DEPORTIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

É obrigatorio acreditar a divulgación do financiamento da actividade por parte do Concello de Baiona, incluíndo o logo do concello nos materiais publicitarios realizados para a actividade.

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE: _____

(debe reflectirse o número de edicións da actividade que se levan realizando) Fundamentación do proxecto: _____

Obxectivos que persegue: _____

Descrición do sector de poboación ao que se dirixe:

Número de destinatarios: _____ Descrición das actividades: _____

Municipio de realización das actividades: _____



ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS:

Orzamento detallado de INGRESOS:

a) Subvención solicitada ao Concello de

Baiona.....

b) Subvención solicitada a outras

Entidades/Administración.....

c) Achega da Entidade solicitante.....

d) Achega de usuarios.....

e) Achega de socios.....

TOTAL DE INGRESOS.....

Orzamento detallado de GASTOS:

a Compra de material.....

b Transporte:.....

c Subministracións.....

d Outros.....

TOTAL DE GASTOS_____

En Baiona, a.....de 2025

Sinatura do solicitante



ANEXO IV.- CONTA XUSTIFICATIVA

D/D^a _____, con

DNI_____ en qualidade de representante da entidade / Club

DECLARA:

- a Que a entidade que representa deu cumprimento aos condicionantes impostos na normativa reguladora.
- b Que con esta conta xustificativa achéganse os orixinais ou copias debidamente cotexadas das facturas, nóminas e demais documentación acreditativa dos gastos efectuados que de seguido se relacionan:

PROVEDOR/EMPRESA	C.I.F.	Nº. FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE
			TOTAL	

- c Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicaranse á finalidade subvencionada.
- d Que a Asociación / Club fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Baiona, para a actividade/ou investimento subvencionado, facendo constar a colaboración do Concello de Baiona.
- e Que todos os documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Baiona, no local social da Asociación / Club, aos efectos da súa posible comprobación.
- f Que a entidade referida non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

- En caso afirmativo

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade	Importe

- g Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas tódalas achegas ó investimento subvencionado.
- h Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa, e acepto someterme as normas aplicables, facilitar a información e documentación que, no seu caso, sexa requirida polo Concello.

E para que así conste, perante o Concello de Baiona, ao efectos da xustificación da subvención concedida, suscribo a presente, en,de.....de 2025.

Sinatura.



ANEXO V.- MEMORIA DA ACTIVIDADE

(DEBERÁ XUNTARSE A CARTELERIA OU DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE).

D. _____,
con DNI nº _____, en calidade de
_____ da Asociación/ Club _____ co
CIF _____ e domicilio social _____ do Concello de
BAIONA.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE

A asociación/ Club realizou a actividade:
_____ consistente en

Dita actividade celebrouse o _____, no municipio de
_____, participando _____
_____, e realizando un gasto total de _____ €.

Baiona _____ de _____ do 2025.

SINATURA

